

N

TURGALICIA
BOLETÍN DE NOTICIAS

Nº 145 19-25 FEBREIRO '08

Boletín electrónico semanal de **TURGALICIA**. Estrada Santiago Noia, Km. 3. 15896, Santiago de Compostela.



Se desexa recibir máis información gráfica ou escrita sobre as informacións contidas neste boletín envíenos un e-mail premendo o seguinte enlace:



ou pónase en contacto con nós no teléfono:

902 200 432

ou no fax:

981 542 659



www.turgalicia.es



Reservas



Ofertas



Publicacións



Noticias

Edita: **TURGALICIA**. Realización Boletín de Noticias: Imaxe Nova de Comunicación S.L. r/Uruguai 2, 3ª dereita, 36201, Vigo. Tel.: 986 221 835. Fax.: 986 437 141 email: imaxenova@imaxenova.com

COA OLLADA NOS MERCADOS EXTERIORES

A Consellería de Innovación e Industria renova con Turespaña os acordos de promoción turística conxunta no ámbito internacional

Un ano máis, a Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia, **TURGALICIA**, colaborará coa entidade de promoción turística española Turespaña na promoción internacional de Galiza en mercados internacionais. Para iso, ambas as dúas entidades financiarán, ao 50 por cento, unha serie de actividades que contarán cun orzamento final de 1.200.000 euros, segundo consta no convenio de colaboración asinado no marco da pasada edición de FITUR.

Así, está previsto realizar diversas campañas de promoción, tanto en medios de comunicación convencionais, como en medios *online*, actuacións para as que está destinada unha partida específica de 280.000 euros, que tamén se financiarán de xeito conxunto a partes iguais. Os mercados internacionais obxecto de esta promoción serán os de Alemaña, Francia, Italia, Países Baixos, Portugal e Reino Unido.

Estas actividades promocionais empregarán os medios visuais específicos de Galiza elaborados en 2005 e 2006 mediante un convenio previo asinado por estas dúas mesmas entidades, e renovados en 2007 segundo os criterios da campaña "Smile, you are in Spain". Se se precisase de novo material dese tipo, **TURGALICIA** sería a encargada da súa creación, respectando o *lay-out* empregado por Turespaña pero con titulares e textos específicos para os produtos turísticos galegos.

Acordo con "España Verde"

Por outra banda, o director xeral de Turismo, Rubén Lois, renovou tamén o convenio de colaboración de **TURGALICIA** con Turespaña mediante o cal se fixan os novos obxectivos e estratexias para a promoción da oferta turística de Galiza



Imaxe do acto da sinatura dos acordos con Turespaña.

coa marca "España Verde", nome xenérico baixo o que se promocionan os territorios do Norte do Estado: Euskadi, Asturias, Cantabria e Galiza. O acordo implica a realización dunha campaña de publicidade a nivel internacional por un importe de 800.000 euros, cun 40 por cento do mesmo dedicado aos medios electrónicos. Para estas actividades de publicidade, os mercados serán os de Italia, Alemaña Estados Unidos, Canada, Xapón, Portugal e Reino Unido.

Dentro deste acordo tamén se establece que Galiza

este presente nun total de 16 feiras internacionais de Turismo.

Ademais, Galiza comprométese a realizar tres presentacións de produto desta marca dirixidas a operadores turísticos, axencias de viaxe e medios de comunicación, en Xapón, nos meses de verán, e en Estados Unidos e Canadá, en outono. Todas estas medidas estarán acompañadas por campañas de marketing directo que serán propostas polos territorios integrantes de "España Verde" e definidas polas Oficinas Españolas de Turismo.

Promoción internacional do Camiño

A S.A. de Xestión do Plan Xacobeo e Turespaña colaborarán tamén na promoción internacional e comercialización turística do Camiño de Santiago no exterior. Así o establece un convenio asinado, con vixencia de tres anos, que ten por obxecto seguir consolidando o Camiño como produto turístico; a posta en valor dos seus recursos, e a súa difusión para lograr unha oferta cultural de calidade e especializada que corresponda coas demandas do turista actual. Ante o aumento de demanda que rexistrará o

Xacobeo 2010, diagnosticarase de xeito adecuado a oferta turística vinculada ao Camiño, para mellorar a xestión dos acontecementos culturais especiais e difundir unha excelente imaxe internacional do Camiño.

Ademais, todos os territorios polos que descorre o Camiño colaborarán con Turespaña na súa difusión internacional cunha campaña conxunta de publicidade que utilizará o *lay-out* de Turespaña pero con visual, textos e titulares específicos para a marca do Camiño.